

# IMAXINARIOS DA LOITA SOCIOAMBIENTAL.

## A MEMORIA DA RESISTENCIA CULTURAL EN GALICIA

MARÍA GIL MARTÍNEZ

*A memoria colectiva bebe dos imaxinarios culturais xerados ao longo das historias das comunidades. Estes imaxinarios, sempre plurais, son retallos, pezas e fragmentos que artellan tecidos, que configuran o noso pensamento inconsciente e que dotan de ferramentas á nosa imaxinación crítica.*

**A** cultura é transmitida para fornecer á resistencia popular, e isto podemos observalo á perfección no caso da loita socioambiental en Galicia: o territorio pode ser lido dende as imaxes que produce, como unha malla que modifica o mapa, unha rede que reúne o recordo ou unha configuración rizomática que conta outras historias posibles.

Estas *outras historias* poden falar de explotación industrial, de embalses, de extractivismo, de migracións, de desenvolvemento urbano, de xestión territorial, de modelos produtivos ou do cambio climático. E poden facelo a través de fotografías, ilustracións, deseños, debuxos, pinturas, esculturas..., obras (efémeras ou permanentes) que permiten deconstruír o pensamento e mudar o foco, para axudarnos a imaxinar novas imaxes (novas historias) para o futuro.


### ***Imaxes para un futuro descoñecido***

Para comprender esta cuestión, podemos traballar sobre un exemplo de máxima actualidade: no ano 2022 a empresa portuguesa Altri presentou un proxecto para establecer unha fábrica de fibra téxtil en Palas de Rei (Lugo). O plan inicial foi variando ata a actualidade: dunha primeira proposta onde o peso produtivo estaría no lyocell, un tecido biodegradable moi utilizado polas industrias téxtiles, ata o actual macrocomplexo industrial que se centrará na extracción da pasta de eucalipto para xerar, ao tempo, celulosa. Co paso dos anos, e segundo aparecían os pormenores, a preocupación da cidadanía foi en aumento, sobre todo polas posibles implicacións negativas para a comarca da Ulloa e da ría de Arousa (onde desemboca o río Ulla, implicado no abastecemento da fábrica): no mes de maio, a exposición pública do proxecto recibiu máis de 20.000 alegacións, centradas no impacto negativo do complexo a nivel ambiental e paisaxístico, recal-

cando a necesidade de instaurar industrias verdes e sostibles que rachen co actual sistema produtivo que fomenta a plantación masiva de eucalipto.

A campaña foi incentivada pola Plataforma Ulloa Viva para a concienciación popular, mais aquí foi inestimable o traballo inmediato do aparato cultural: ao longo dos últimos meses, as redes enchéronse de ilustracións, fotografías, viñetas, lemas e memes que visibilizaban a problemática e animaban a unha postura pública de oposición. Isto dou pé a que o 26 de maio miles de persoas se concentraran en Palas de Rei para unirse á manifestación convocada pola plataforma: alí observamos os carteis e as pancartas impresas, disfraces e máscaras, e incluso unha maqueta da futura fábrica.


A resistencia ao proxecto empresarial é un exemplo de como os imaxinarios conforman memoria: a capacidade de reacción perante un complexo que aínda non existe como tal (como é o caso de Altri) só é posible polas décadas de loita precedentes. A palabra “celulosa” resoa rapidamente na poboación galega, que leva convivindo coa fábrica de ENCE dende os anos sesenta. Por ese motivo, a marcha programada pola Asociación Pola Defensa da Ría, que leva dende os oitenta facendo activismo ecoloxista para a salvagarda da



1. Cartel para a marcha contra as Celulosas, convocada pola Asociación pola Defensa da Ría para o día 16 de xuño de 2024, publicada en redes sociais. Autoría da Asociación pola Defensa da Ría.

2. (Esq.) Graffiti publicado por Séchu Sende. (Der.) Ilustración realizada por Iria Ribadomar para Deica Creacións. Compartidos a través de posts de Instagram. Autoría de Séchu Sende e Iria Ribadomar.





3. A serea de Castelao modificada por Séchu Sende, publicada nun post do seu perfil de Instagram. Autoría de Séchu Sende.

ría de Pontevedra, incorporou este ano á Plataforma Ulloa Viva e á Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, baixo o lema: “Nin Ence na ría nin Altri na Ulloa”. Manifestábase así no cartel presentado: arriba, unha imaxe da proposta do arquitecto Jorge Rodríguez para a renaturalización da ría sen a fábrica; abaixo, o deseño para as últimas manifestacións contra Altri, cunhas mans que, xuntas, permiten o discorrer do río. De novo, miles de

persoas ocuparon as rúas, porque comprenderon a necesidade de que sexan moitas mans as que imaxinen futuros posibles (Imaxe 1).

### Entre a utopía e a distopía

A proxección de imaxinarios futuros parte de dúas vías: as posibilidades dunha utopía, un proxecto sostible e coherente coas necesidades sociais, ou a continua vivencia nos mundos da distopía; da contaminación, a subida dos océanos, o cambio climático, os desastres nucleares, as guerras, as pandemias e as catástrofes naturais. Se pensar dende a utopía permite manter a esperanza e fomentar o pensamento activo e a acción, son as iconografías distópicas as que artellan a miúdo os discursos de protesta: para promover a mobilización inmediata, mostramos os futuros que queremos evitar. Nas redes observamos, por exemplo, vacas cubertas con máscaras antigás, como as realizadas polo activista e poeta Séchu Sende ou a artista Iria Ribadomar: esta icona ilustra o imaxinario que se atopa detrás da creación distópica (Imaxe 2).

Para analizar a figura destas vacas, temos primeiro que entendelas como un símbolo que acompaña á crítica galega dende principios de século, coa famosa vaca esfameada de Castelao (de principios dos anos vinte). É íntima a relación da vaca co territorio: trátase dun animal vencellado tradicionalmente á gandería que implicaba a supervivencia da casa, mais é escravizada para extraer o seu alimento. Esta conexión sobreviviu a través de imaxes tan icónicas como o cartel creado por Pepe Barro para Comisións Labregas cara 1977, onde a caveira dunha vaca mostraba as consecuencias da posible instalación dunha central nuclear en Xove: fame, morte, miseria.

Porén, non vemos ás vacas só desnutridas; portan tamén un elemento do que é preciso falar aquí:

4. Pared gráfica comisariada e deseñada por Anxo Rabuñal para a exposición “Sempre máis. Arte, ecoloxía e protesta na Galiza do Prestige”, no Auditorio de Galicia entre xaneiro e maio de 2023. Foto: Anxo Rabuñal



a máscara antigás. Popularizadas trala I Guerra Mundial polo uso de armas químicas, deseguida tornaron símbolo das mobilizacións antinucleares e, posteriormente, de toda mobilización de corte ambientalista: representan, precisamente, os espazos irrespirábeis, os lugares onde a vida é imposible. A vaca (e o pobo) ten fame, e non pode sequera respirar. A catástrofe do Prestige dotou dun novo sentido á máscara, pois deixou de pertencer exclusivamente ao terreo da distopía, como se reflicte nas imaxes producidas ao abeiro da loita: xa non só vacas, senón sereas, peixes e gaivotas son susceptibles de levala.

A mitoloxía da serea tamén é unha desas iconografías que acompañan ao imaxinario galego. No Prestige, era levada nas manifestacións como mascarón de proa. Esta relación co mar xa aparecía na serea da bandeira de Castelao, que foi reformulada decenas de veces como estandarte para as diferentes protestas. No caso da loita contra Altri, é tomada por Séchu Sende para, tapada coa máscara, cambiar o lema do seu escudo: “de-nantes mortas que Altri!” (Imaxe 3).

### Do imaxinario e a memoria

Son centos os símbolos que artellan o imaxinario cultural da resistencia galega; ás máscaras antigás únense as caveiras, as parcas e toda imaxe da morte. Máis aló da vaca, temos os peixes que quedan en espiñas, as gaivotas escuras bañadas en chapapote. Se navegamos por este atlas iconolóxico da protesta<sup>1</sup>, observamos (Imaxe 4) que configura unha forma de memoria que, en face dunha nova catástrofe, permite actualizar e reactivar os símbolos. Esta memoria explica por que segue a bandeira do Nunca Máis, deseñada por Xosé María Torné, colgada das fiestras, das paredes das casas e dos muros dos bares (Imaxe 5).



5. Bandeira do Nunca Máis colgada nun bar da Fonsagrada (Lugo). Fotografía da autora.

A baralla presentada por Unha Gran Burla Negra para o xogo d'O ghaiteiro petroleiro (2023) é unha mostra física de todo isto. Poderíamos utilizala para volver á catástrofe do Prestige, á baralla realizada por Burla Negra no ano 2003 coa que conectan de forma directa, mais tamén serve para pensarmos





6. Baralla do xogo d'O ghaiteiro petroleiro, creado por Unha Gran Burla Negra (2023). Fotografía da autora.

7. Pancarta nun balcón dunha casa da Rúa de San Pedro, en Santiago de Compostela. Fotografía da autora.



as problemáticas actuais a través da capacidade creadora da comunidade: a baralla presenta a recompilación dun imaxinario rico, en activo, en movemento, xerado por artistas actuais moi diferentes ligados á banda deseñada, á ilustración, á gráfica, á pintura... E, ao tempo, circula e ocupa as mesas, as mans e os diálogos, permite manter a memoria do acontecido e do que está a acontecer (Imaxe 6).

### A memoria ocupa as rúas

Neste sentido, é importante entender que as imaxes ocupan os espazos. Pensaremos rapidamente na praza pública de Internet, nas redes sociais, que son portadoras de moitas imaxes que se mostraron neste texto. Alén diso, esas imaxes *tamén* saen ás rúas. Como comprobamos nas manifestacións, observamos os carteis, as pancartas, as maquetas..., ata os *memes* toman ás rúas a través dos corpos, dótanse dun novo sentido.

Trala fin da ditadura, unha das principais preocupacións era a recuperación dun espazo público que fora arrebatado: era preciso tomar a cidade, tomar a vila, tomar o monte, comprender que se debe permitir e celebrar a presenza. As imaxes axudan entón a ocupar eses espazos, saltando e bailando nas mans das mobilizacións, sendo mostradas,

rotas ou até queimadas. Mais tamén as imaxes toman os muros, cos carteis e adhesivos que se pegan e despegan sobre eles. Coma nos *posts* de Instagram, cólanse para aparecer e desaparecer.

Artéllase así un imaxinario que racha coa idea de que o rural e o urbano, a vida física e a virtual, son mundos absolutamente diferenciados: as comunidades, a través de pequenos xestos ou intervencións na praza pública (sexa onde sexa esa praza), poden animar á loita contra algo tan inmediato coma Altri, ora utilizando muros abandonados, ora os seus balcóns, ora os seus perfís. Pegadas de imaxes aparecen continuamente ao noso redor, activando a resistencia a través do recordo de que algo segue a suceder aí, de que a memoria permanece (Imaxe 7).

### Nota

1. Na exposición "Sempre máis. Arte, ecoloxía e protesta na Galiza do Prestige" (unha mostra de Unha Gran Burla Negra comisariada por Germán Labrador, que estivo no Auditorio de Galicia entre xaneiro e maio, e no Pazo da Cultura de Pontevedra entre outubro e novembro de 2023), o investigador Anxo Rabuñal realizou unha composición visual que foi a materialización dun atlas da protesta en Galicia.

### NOTA SOBRE A AUTORA

María Gil Martínez é investigadora predoutoral FPU no Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, onde traballa sobre as relacións entre arte gráfica e política na Galicia contemporánea.